
Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo sobre días non laborais derivado do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo (Código número 27000245011982), asinado o día 7 de abril de 2016, pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T. (38,10%), CC.OO. (33,33%) e C.I.G. (4,76%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO.

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 26 de abril de 2016.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

ACTA DE ACUERDO

CONVENIO COLECTIVO DE EBANISTERÍA DA PROVINCIA DE LUGO

ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de

Empresarios de Ebanistería de Lugo

ANGEL HERMIDA LAGE (DNI 76565839N)

JULIO MOURE LÓPEZ (DNI 34241814N)

GONZALO EXPÓSITO CHOREN (DNI 34254816L)

polas centrais sindicais**UGT [38,10%]**

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ (DNI 11922182V)

LUÍS CARDOSO BALSAL (DNI 76405317E)

CC.OO. [33,33%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ (DNI 33851807Q)

SERGIO LÓPEZ RIVERA (DNI 79320901L)

CIG [4,76%]

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (DNI 76578117P)

En Lugo, sendo as 17:00 horas do día 7 de abril do 2016, reúnense nos locais da CEL as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Nos termos previstos no artigo 7 do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo, para o ano 2016, para aquelas empresas que no prazo dun mes dende a data de publicación da presente Acta non teñan distribuída a xornada conforme ao disposto no Convenio, terán a consideración de días non laborais de Convenio, a maiores do 24 e o 31 de decembro, días non laborais de Convenio con carácter xeral, os seguintes:

- 16 de maio
- 23 de xuño
- 31 de outubro
- 5 de decembro

SEGUNDO.- O acordado no punto primeiro enténdese sen perxuizo dos pactos que se poidan acadar en materia de xornada para o ano 2016 no marco da negociación da nova edición do Convenio.

TERCEIRO.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e en proba de conformidade asinan os á marxe reseñados a presente acta, en lugar e data sinalados no encabezamento.

Fdo.: Ángel Hermida Lage, Julio Moure López, Gonzalo Expósito Choren, Carlos García Vázquez, Luís Cardoso Balsa, José M. Brea Méndez, Sergio López Rivera e Alfonso Losada Rodríguez

R. 1271